




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



RESOLUCIÓN DO 20 DE MAIO DE 2020 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO, POLA QUE SE DITAN NORMAS SOBRE O CUMPRIMENTO DO REQUISITO DE ACTIVIDADE EXTRACTIVA SUFICIENTE NO ANO 2020 PARA A RENOVACIÓN DE HABILITACIÓNS PARA O EXERCICIO DO MARISQUEO

Antecedentes e consideracións legais

1. O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada por el COVID-19, estableceu medidas para garantir o abastecemento alimentario, medidas de contención no ámbito da actividade comercial, actividades de hostaleira e restauración, e limitou a liberdade de circulación para as persoas para determinadas actividades.

No momento de emisión desta circular, a vixencia do estado de alarma foi prorrogada sucesivamente polo Real decreto 476/2020, do 27 de marzo, o Real decreto 487/2020, do 10 de abril, o Real decreto 492/2020, do 24 de abril, e o Real decreto 514/2020, do 8 de maio.

2. Adicionalmente o Consello da Xunta de Galicia, de 13 de marzo, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activa o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

3. No contexto do acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 12 de marzo, no que se acordan adoptar medidas especiais en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro emitiu o 16 de abril de 2020 a Circular MA-01-2020, instrucións e recomendacións sobre o desenvolvemento da actividade marisqueira durante o período de medidas preventivas como consecuencia da evolución do coronavirus COVID-19.

No punto a) da Circular recóllese que as persoas que por motivos de saúde, estado biolóxico coñecido ou embarazo, puidesen ser especialmente sensibles á exposición ao risco de infección, tivesen fillos menores ou maiores a cargo que non asistisen a actividades de marisqueo, de cara a cumprir co requisito de actividade suficiente nos plans para a renovación dos permisos e modalidade, poderían ver xustificada a inactividade no plan durante o período de vixencia das medidas.

4. A suspensión das actividades de hostaleira e restauración e o peche do canal HORECA como consecuencia do COVID-19 perturbou o mercado dos produtos do marisqueo, provocando un forte descenso da demanda dos mesmos e, en consecuencia, dos prezos de primeira venda. O mesmo sucedeu co recurso específico de poliquetos ante a prohibición da pesca marítima de recreo.



Xacobeo 2021





O descenso da demanda e dos prezos xunto coa dificultade da organización e operativa do traballo no estado de emerxencia sanitaria levou á diminución significativa da actividade marisqueira no marco dos plans de xestión.

No período de evolución do COVID-19 todos estes condicionantes están tendo como consecuencia unha desigual asistencia á actividade ao longo da Comunidade e a aparición de dificultades notables na xestión e organización da actividade por parte das entidades do sector.

5. No Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 aprobouse o plan para a desescalada, *Plan para la Transición hacia una Nueva Normalidad*, onde se establecen os principais parámetros e instrumentos para o levantamento das medidas establecidas no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo para conter a expansión da pandemia COVID-19. O plan contempla unha desescalada do confinamento e unha a reactivación económica pautada en 4 fases (0, 1, 2, e 3) no que a unidade territorial para a aplicación das fases son as provincias e as illas. Superada a fase 3, a provincia atoparíase en nunha situación de *nova normalidade*, na que terminan as restricións sociais e económicas, pero mantense a vixilancia epidemiolóxica, a capacidade reforzada do sistema sanitario e a auto protección da cidadanía.

6. A incerteza na recuperación dos mercados, prezos e volumes dos produtos do marisqueo durante o estado de alarma, fases de desescalada e nova normalidade, xunta cos novas necesidades de organización das actividades, continuarán afectando sensiblemente o desenvolvemento normal da actividade:

7. O desenvolvemento de actividade extractiva suficiente nos plans de xestión como requisito para renovar as habilitacións para o exercicio do marisqueo está recollido na seguinte normativa:

- Artigo 11.1.a) da Orde do 15 de xullo de 201, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé.

- Artigo 16.1.b)1º da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o permisos de marisqueo a pé de recursos específicos.

- Artigo 32.1.c) 1º a 3º e 32..3 da Orde do 30 de decembro de 2015, para as modalidades de recursos específicos desde embarcación e cotas asociadas.

- Artigo 11 da Orde do 31 de maio de 1995 pola que se regula e expedición e revalidación do permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, para os permisos de explotación a pé con embarcación auxiliar,






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral

de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



8. Na disposición derradeira primeira das Ordes mencionadas no punto anterior dispónse que se autoriza á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de marisqueo para o seu desenvolvemento e aplicación.

Á vista do anterior, coa intención de evitar prexuízos na renovación das habilitacións para o exercicio do marisqueo como consecuencia do COVID-19, e de acordo coas competencias atribuídas a esta Dirección Xeral polo Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificada polo Decreto 39/2018, do 5 de abril, emítese a presente circular coas seguintes instrucións, esta Dirección Xeral

RESOLVE QUE:

De cara a cumprir co requisito de actividade extractiva suficiente (notas de venta) nos plans para renovar as habilitacións para o exercicio do marisqueo, recollido nos artigos antes mencionados:

1. O período comprendido entre o 16 de marzo de 2020 e dous (2) meses dende a data de chegada á fase de nova normalidade na provincia á que pertenza a entidade, excluírase do período para demostrar actividade extractiva suficiente nos plans en 2020.
2. Todos os días de ventas rexistradas polos titulares durante o período indicado no punto anterior poderán computar de cara a xustificar a porcentaxe de actividade extractiva suficiente no plan de xestión en 2020.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un (1) mes, contado dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(Sinatura electrónica)



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138

galicia

RESOLUCIÓN DO 14 DE AGOSTO DE 2020 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO, QUE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE 20 DE MAIO DE 2020 POLA QUE SE DITAN NORMAS SOBRE O CUMPRIMENTO DO REQUISITO DE ACTIVIDADE EXTRACTIVA SUFICIENTE NO ANO 2020 PARA A RENOVACIÓN DAS HABILITACIÓNS PARA O EXERCICIO DO MARISQUEO

Por resolución do 20 de maio de 2020 da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se ditan normas sobre o cumprimento do requisito de actividade extractiva suficiente no ano 2020 para a renovación de habilitacións para o exercicio do marisqueo, establece que de cara a cumprir o requisito de actividade extractiva suficiente para renovar ás habilitacións: excluírase do período para demostrar actividade extractiva suficiente nos plans de 2020, o tempo entre o 16 de marzo de 2020 e dous (2) meses despois dende a data de chegada á fase de nova normalidade na provincia á que pertenza a entidade.

O Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, establece medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, con vistas á superación da fase III do Plan para la Transición hacia una Nueva Normalidad.

O Decreto 90/2020, do 13 de xuño, da Xunta de Galicia declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e a entrada na nova normalidade con efectos desde as 00.00 horas do 15 de xuño de 2020.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, establecéronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan de transición cara unha nova normalidade, nas que foron introducidas modificacións con posterioridade.

Ademais cumpre lembrar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 13 de marzo, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activa o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

O Real Decreto-lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial, mantén as medidas extraordinarias previstas no Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Así, en relación coas medidas de carácter laboral, contemplase que os traballadores autónomos que viñeran percibindo ata o 30 de xuño a prestación extraordinaria por cese de actividade prevista no artigo 17 do Real Decreto-lei 8/2020, poderán solicitar a prestación prevista no artigo 327 do texto refundido da Ley General de la Seguridad social, que se poderá percibir ata o 30 de setembro de 2020.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138

galicia

Transcorridos dos meses dende a entrada na nova normalidade e no escenario indicado, as medidas de distanciamento e limitacións necesarias para controlar a transmisión do COVID-19 seguen a ter impacto na actividade produtiva porque afectan á oferta e demanda de produtos, debido á significativa repercusión no turismo e actividades de restauración, este último canal esencial para a distribución dos produtos marisqueiros. Polo tanto, a situación de emerxencia sanitaria causada polo COVID-19 continúa a producir efectos no sector marisqueiro, impedindo a recuperación total da súa actividade.

Á vista do anterior, coa intención de evitar prexuízos na renovación das habilitacións para o exercicio do marisqueo como consecuencia do COVI-19 e protexer o emprego, considerase apropiada unha prorroga no período de exclusión da acreditación de actividade extractiva que se contempla na resolución de 20 de maio de 2020.

Visto o anterior, e de acordo coas competencias atribuídas a esta Dirección Xeral polo Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificada polo Decreto 39/2018, do 5 de abril,

RESOLVO

Modificar o punto 1 da resolución de 20 de maio de 2020 nos seguintes termos:

1. O período comprendido entre o 16 de marzo e o 31 de decembro de 2020 excluírase do período para demostrar actividade extractiva suficiente nos plans de xestión en 2020.

O resto da resolución mantense nas mesmas condicións

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un (1) mes, contado dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(sinatura electrónica)



Xacobeo 2021

